

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

ACORDO do 2 de maio de 2025, da Zona Centro, polo que se somete a información pública a tramitación dunha concesión administrativa de ocupación do dominio público portuario soterrado para a instalación de liña eléctrica soterrada para o desenvolvemento da actividade de subministración eléctrica no porto de Cabo de Cruz (clave 12-52-23-C-2).

Está en trámite unha concesión administrativa solicitada por UFD, Distribución Electricidad, S.A., para a ocupación de dominio público portuario soterrado para a instalación de liña eléctrica soterrada para o desenvolvemento da actividade de subministración de electricidade, no porto de Cabo de Cruz, de acordo coa Resolución de inicio de trámite, asinada pola Presidencia de Portos de Galicia o 24.10.2023 e segundo a Confrontación do documento técnico: «Instalacións existentes e obras a executar no porto de Cabo de Cruz, por UFD», asinado o 15.9.2023 polo enxeñeiro técnico industrial, Victoriano González Lemos, colexiado nº 2980.

O que se fai público, para os efectos previstos no 70 de la Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, (DOG núm. 236, do 14 de decembro), para que as persoas e entidades interesadas poidan examinar o expediente e presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas nas oficinas da Zona Centro, sitas na avenida do Porto, nº 5, 1º, 15006 A Coruña, no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. A documentación está á disposición na web www.portosdegalicia.com

A Coruña, 2 de maio de 2025

Lorena Solana Barjacoba
Xefa da Zona Centro

CVE-DOG: oxqh0ir3-c213-udu9-odm3-gzqebm1gt4p4

